


Informe anual da actividade plenaria (2020)

1. Visión xeral
2. Asuntos
3. Mocións
4. Votacións
5. Declaracións institucionais
6. Rogos e preguntas
7. Comisións Informativas
8. En cifras. Resúmen anual da actividade plenaria no ano 2020


1. Visión xeral

Durante o ano 2020 celebráronse un total de 13 Plenos: 11 Plenos ordinarios e 2 Plenos extraordinarios. A actividade plenaria celebrouse en formato presencial e online. O resumo da actividade anual indícanos que cinco Plenos foron presenciais e 8 celebráronse de forma telemática:

- Pleno extraordinario: 17.01.2020
- Pleno ordinario: 31.01.2020
- Pleno ordinario: 28.02.2020
- Pleno ordinario: 30.04.2020
- Pleno ordinario: 29.05.2020
- Pleno ordinario: 26.06.2020
- Pleno ordinario: 31.07.2020
- Pleno extraordinario: 09.09.2020
- Pleno ordinario: 11.09.2020
- Pleno ordinario: 25.09.2020
- Pleno ordinario: 30.10.2020
- Pleno ordinario: 27.11.2020
- Pleno ordinario: 30.12.2020




A porcentaxe de asistencia dos deputados e deputadas foi dun 100%, excepto en cinco sesións plenarias nas que a porcentaxe de asistencia estableceuse entre un 90% e un 96%.



As trece sesións plenarias celebradas no ano 2020 tiveron unha duración total de 24 horas e 51 minutos, incluídose nas mesmas a duración total das sesións extraordinarias, é dicir, 2 horas e 7 minutos.

ORDINARIO	EXTRAORDINARIO	Nº DE HORAS
	17.01.2020	00:49 horas
31.01.2020		2:20 horas
28.02.2020		0:58 horas
30.04.2020		2:20 horas
29.05.2020		2:35 horas
26.06.2020		2:15 horas
31.07.2020		2:26 horas
	9.09.2020	1:18 horas
11.09.2020		1:02 horas
25.09.2020		1:43 horas
30.10.2020		3:00 horas
27.11.2020		2:58 horas
30.12.2020		1:07 horas
TOTAL		24:51 horas




INFORMACIÓN SOBRE A ORGANIZACIÓN E CONVOCATORIA DE SESIÓN

Número de convocatorias/notificacións papel: 90


Convocatorias Google Meet: 8

Número de correos electrónicos de convocatorias e envío de propostas (mocións, emendas, rogos e preguntas): 36




2. Asuntos


Ao longo do ano 2020, tratáronse un total de 271 asuntos nas sesións plenarias. O Pleno ordinario de 30 de outubro tratou o maior número de asuntos, concretamente, 43. As sesións plenarias nas que se trataron menos asuntos foron: a sesión extraordinaria de 17 de xaneiro cun total de dous asuntos e a sesión celebrada o 9 de setembro cun único asunto.



Dos 271 asuntos levados aos Plenos no ano 2020, sometéronse a aprobación un total de 223 para aprobación mentras que 48 asuntos tiveron o carácter de dar conta ao Pleno.




Dos 223 asuntos sometidos a aprobación, aprobáronse, por unanimidade, un total de 206 asuntos. Sobre os 17 outros asuntos, cabe destacar que 14 asuntos foron aprobados por maioría, 2 non se aprobaron e 1 asunto foi retirado da orde do día.




3. Mocións


Durante o ano 2020 debatéronse nos Plenos da Deputación Provincial da Coruña un total de 32 mocións, sendo nos Plenos correspondentes aos meses de 31 de xullo e 31 de xaneiro nos que máis mocións se trataron, 6 no Pleno de xullo e 5 no Pleno ordinario de xaneiro.




Destas 32 mocións, 25 foron incluídas na orde do día e 7 preséntarose por urxencia.



Das 32 mocións presentadas, foron aprobadas un total de 26 mocións:



Das 26 mocións aprobadas, 19 foron aprobadas por maioría e 7 foron aprobadas por unanimidade.




O número de mocións presentadas por cada Grupo Político ao longo do ano 2020 foi o seguinte:

Partido Popular: 6

Partido Socialista: 2

Marea Atlántica: 14


Alternativa dos Veciños: 3



Mocións conxuntas:


Partido Socialista-Bloque Nacionalista Galego: 5

Partido Popular, Partido Socialista, Bloque Nacionalista Galego, Marea Atlántica, e Alternativa dos Veciños: 2




4. Votacións

A aprobación de todos estes asuntos e das mocións presentadas ao longo de 2020 orixinou un número total de 274 votacións. Debe destacarse que o número de máis votacións produciuse na sesión plenaria celebrada o 30 de outubro (45 votacións) mentres que os Plenos extraordinarios de 17 de xaneiro e 9 de setembro contaron con só unha votación cada un deles.




5. Declaracións institucionais

Acordáronse un total de 9 declaracións institucionais nas sesións plenarias celebradas no ano 2020.



6. Rogos e preguntas

Durante o ano 2020, fixéronse un total 27 rogos ou preguntas nos Plenos ordinarios.




Os rogos e preguntas foron presentados polos seguintes Grupos provinciais:

Partido Popular: 15

Marea Atlántica: 5

Alternativa dos Veciños: 7




7. Comisiones Informativas

O número de asuntos levados ao Pleno por cada Comisión Informativa no ano 2020 é o seguinte:

- ❖ Comisión de Cultura e Normalización Lingüística: 18
- ❖ Comisión de Benestar Social, Educación e Políticas de Igualdade de Xénero: 6
- ❖ Comisión de Promoción Económica e Emprego: 7
- ❖ Comisión de Infraestruturas viarias, vías e obras provinciais e medio ambiente: 23
- ❖ Comisión de Contratación, Patrimonio e Equipamento: 33
- ❖ Comisión de Economía, Facenda, Especial de Contas, Persoal e Réxime Interior: 84
- ❖ Comisión de Cooperación, Plans provinciais xerais, Asistencia a municipios, Turismo e Patrimonio Histórico-Artístico: 54
- ❖ Comisión de Transición Ecolóxica, Emprego e Territorio Sostible: 19



Debe destacarse que a Comisión de Deportes e Mocidade non levou asuntos ao Pleno durante o ano 2020.



Finalmente, a Sección de Información e Actas levou a Pleno: 23 asuntos relativos á aprobación de actas, asuntos relativos a dación de conta de resolucións da Presidencia e, ademais, 2 proposicións da presidencia.






Entre os resultados da actividade das Comisi3ns Informativas, cabe destacar que a Comisi3n Informativa que m3is asuntos levou ao Pleno foi a Comisi3n de Econom3a, Facenda, Especial de Contas, Persoal e R3xime Interior, cun total de 84 asuntos. A Comisi3n de Benestar Social, Educaci3n e Pol3ticas de Igualdade de X3nero foi a Comisi3n que levou menos asuntos (7 asuntos) as sesi3n plenarias durante o ano 2020.


A continuaci3n, coñeceremos o n3mero de asuntos achegado por cada Comisi3n Informativa 3s sesi3n plenarias:











8. **EN CIFRAS.** Resumen anual da actividade plenaria 2020:

PLENOS ORDINARIOS	11
PLENOS EXTRAORDINARIOS	2
ASUNTOS	271
APROBACIÓN	223
DACIÓN DE CONTA	48
VOTACIÓNS	274
MOCIÓNS	32
DECLARACIÓNS INSTITUCIONAIS	9
ROGOS E PREGUNTAS	27